

# **O Centro Aloya Cumpre 40 anos dende a súa implantación en Vigo**

O colexio Aloya ven de cumprir os corenta anos dende a súa implantación na aba do Castro, en Vigo. Empezou como Escola e Secretariado de Dirección Bilingüe un 11 de outubro de 1967 para ofrecer ás mulleres viguesas unha formación profesional e humana de calidade e para nutrir o mercado laboral dunha cidade emerxente que carecía de

profesionais cualificados neste sector.

08-12-2007

Foi un grupo de mulleres da Prelatura do Opus Dei, apoiadas por outras persoas, as que se embarcaron neste proxecto do que saíron xeracións de secretarias de Dirección.

Correu o tempo e en 1989 encetouse o ensino de Hostalaría -nun momento no que non existía ningún proxecto semellante na cidade- que viña atender de novo un sector precisado de profesionais ben capacitados.

Actualmente, Aloya deu en se converter nun centro docente de Ensino Secundario, Bacharelato e Formación Profesional, onde se

poden cursar tanto estudos de Hostalaría (Cociña e Restauración), como de Empresas (Secretaría, Administración e finanzas e Xestión administrativa).

Entre os seus éxitos cóntase o acadar un 100% de aprobados en Selectividade e un 99% de emprego. Aos alumnos que completan ciclos formativos ofértaselles unha bolsa de empresas nas que poder desenvolver as súas prácticas, o que facilita a inserción laboral dos seus titulados.

Os valores que defende o centro son o traballo ben feito, a liberdade responsable, a arela de superación, o amor á verdade e o compromiso e o servizo á sociedade; namentres que entre os obxectivos educativos cómpre sinalar a colaboración cos pais na educación das súas fillas, o desenvolvemento máximo das capacidades da persoa, a mellora persoal a través da atención

individualizada e a formación con  
sentido cristián.

## Atlántico Diario

.....

pdf | document generated  
automatically from [https://opusdei.org/  
gl-es/article/o-centro-aloya-cumpre-40-  
anos-dende-a-sua-implantacion-en-vigo/](https://opusdei.org/gl-es/article/o-centro-aloya-cumpre-40-anos-dende-a-sua-implantacion-en-vigo/)  
(22-02-2026)